



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. 2019/2020

CEIP CAMPOMAIOR – ORDES
CURSO: 1º, 2º,3º,6º.

MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DATA: 11- 05- 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 9	CENTRO: CEIP CAMPOMAIOR CURSO: 1º,2º,3º,6º MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
--	---------------	--



ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 9	CENTRO: CEIP CAMPOMAIOR CURSO: 1º,2º,3º,6º MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
--	---------------	--



1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

1º CURSO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas. EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias. EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	EFB3.1.4. Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	EFB5.1.1. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables. EFB5.1.3. Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.
B6.2. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.	EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados.



2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

2º CURSO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase. EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas. EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias. EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. EFB3.1.4. Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. EFB4.1.2. Reproduce corporalmente unha estrutura rítmica sinxela.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables. EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.
B6.2. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.	EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados.



3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

3º CURSO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas.	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual.	EFB1.3.4. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade. EFB1.3.5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.	EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos axeitados.
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos. EFB4.1.4. Leva a cabo manifestacións artísticas sinxelas en interacción cos compañeiros/as.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	EFB5.1.1. Mellora das capacidades físicas. EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde. EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados. EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.
B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e osificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física.



<p>B6.3 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico deportivas.</p>	<p>EFB6.3.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nos xogos e actividades deportivas. EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.</p>
--	--

4. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

6º CURSO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.</p>	<p>EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento. EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.</p>
<p>B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información.</p>	<p>EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.</p>
<p>B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>	<p>EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade. EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</p>
<p>B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.</p>	<p>EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</p>
<p>B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os</p>



	xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.
B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico expresivas.	EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.	EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas. EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias. EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.
B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.
B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica física.	EFB5.3.1 Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.
B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.
B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico deportivas.	EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios. EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición



5. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p><u>Procedementos:</u> Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Tendo en consideración que se realizarán sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teremos en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados e será unha avaliación continua, global e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo. Mediante a recollida de tarefas que foron realizando e enviando para ser corrixiadas dándolle sempre unha valoración positiva. A avaliación das distintas actividades propostas na fase non presencial, o grao de participación de cada alumno/a e a calidade das súas intervencións so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado. En ningún caso, o alumnado poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía na distancia do terceiro trimestre .</p> <p>En todo caso, a avaliación ordinaria estará fundamentada no desenvolvemento do primeiro e segundo trimestre. No terceiro trimestre avaliaremos as actividades de ampliación propostas e sempre co obxectivo de mellorar os resultados do alumnado.</p> <p><u>Instrumentos:</u> Cos instrumentos de avaliación quedarán recollidas as valoracións das actividades, probas e traballos realizados para acadar unha avaliación obxectiva e excepcional durante este curso 2019-2020. Esta recollida facilitará as medidas de flexibilización que, con carácter excepcional se poderán aplicar e a adopción de decisións de promoción e estean debidamente regularizado mediante a realización de probas obxectivas de resposta aberta, rúbricas para as execucións, escalas de apreciación, probas escritas e orais, rexistro das tarefas realizadas e entregadas, cuestionarios, rexistro de observacións e diario de seguimento do alumnado individual, parellas ou agrupamentos flexibles.</p>
Cualificación final	<p>O procedemento para obter a cualificación final das aprendizaxes do alumnado en Educación Física no curso 2019 -2020 consideraremos en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas por áreas. Entón a cualificación final realizarase facendo unha media sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado na cualificación final.</p>



6. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>As actividades que se desenvolvan durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020 deberán combinar de maneira integrada as actividades a distancia e as presenciais que puidesen levarse a cabo, segundo evolucione a situación sanitaria. Durante esta situación especial desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado. A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente. Como medida de adaptación das actividades da programación a esta situación especial e atención individualizada propoñemos a realización de actividades propostas que o alumnado remitirá algunhas das tarefas para a súa corrección e seguimento por parte do profesorado.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Como medida xeral, na medida do posible, deseñaranse actividades que favorezan o seu pasatempo e activación neste momento de confinamento, tratando de que realicen actividade física nos seus fogares. Como medidas específicas a metodoloxía empregada fomentárase a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a sen presenza física do seu mestre dado que na situación actual será algún familiar o encargado de supervisar ao alumnado mentres realiza a tarefa. O profesorado realiza a programación de actividades sinxelas, que se adaptan ó nivel de coñecementos de cada neno/a e a utilización do reforzo positivo. Dando instrucións claras por escrito ou por algunha canle comunicativa, asegurándose que comprenderon ben o que teñen que facer. Incidiremos de maneira especial en fomentar a realización de práctica física durante a hora diaria que poden saír á rúa.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Faremos un especial esforzo para identificar o alumnado que carece de recursos e medios de conexión dixital e facilitaremos o uso de distintos tipos de dispositivos adecuados para a atención educativa a este alumnado para acadar os obxectivos e contidos do nivel. De todas maneiras en Educación física utilizarán materiais da vida cotiá para a realización de actividades, como botellas, globos ou latas de produtos alimentarios.</p>

7. Información e publicidade

<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>O procedemento empregado para informar ao noso alumnado e as súas familias está sendo a través do correo electrónico (titores), Aula Virtual, telefonicamente, etc. Intentando por tódolos medios posibles que dita información chegue sempre aos seus destinatarios</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Realizarase a publicación desta programación adaptada na páxina web do centro.</p>